

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 21 outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

Con fundamento no dito punto, atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria en Galicia, sobre a base do indicado no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública,



do 14 de outubro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 14 de outubro de 2020 na que se acordou a adopción dunha medida de prevención específica consistente na limitación a un máximo de dez persoas dos grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, con determinadas excepcións. A aplicación da dita medida estendeuse ao territorio da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, naqueles ámbitos territoriais en que, atendida a concreta evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria existente neles, se adoptasen ou se adopten, por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, medidas máis estritas que as contidas na dita orde respecto das limitacións dos grupos de persoas, previuse que se debería observar o disposto na orde correspondente, durante o período ao cal se estenda a eficacia desas medidas máis estritas.

Conforme o punto cuarto da orde, a medida tivo efectos desde as 00.00 horas do 15 de outubro de 2020, ben que debía ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

A medida, limitativa dun dereito fundamental, foi obxecto de ratificación xudicial polo Auto 113/2020, do 16 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En cumprimento do disposto no punto cuarto da Orde do 14 de outubro de 2020 citada, procedeuse ao seguimento e á avaliación da medida adoptada.

Neste sentido, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 21 de outubro de 2020, indícase que as taxas máis altas en Galicia se obtiveron ao final do mes de agosto, con taxas acumuladas a 7 días de 70 casos \times 100.000, baixando despois lentamente ata os 50 casos por 100.000 habitantes. No entanto, as taxas en Galicia comezaron a aumentar nos últimos días. Desde esta taxa de 50 casos por 100.000 habitantes dos primeiros días do mes de outubro subiron ata 80 casos por 100.000 nunha semana, o que implica unha subida do 60 % nese período de tempo. Hai unha semana, establecéronse para todo o territorio galego restricións respecto ao tamaño dos grupos de calquera actividade ou evento familiar ou social, establecendo un máximo de 10 persoas para grupos non conviventes. No informe desta semana, as taxas, en lugar de reducirse, seguen a aumentar, de xeito que, se as comparamos coas da semana anterior, nos encontramos con que a incidencia a tres días, que era do 27,75 por cen mil habitantes, pasou a ser de 39,82. A taxa



de incidencia nos últimos sete días pasou de 80,46 a 85,57, e a taxa dos últimos 14 días pasou de 133,43 a 164,73. Por outra banda, o número reprodutivo instantáneo, que indica o número de casos secundarios que ocorren por cada caso activo, supera o 1 en todas as áreas sanitarias, agás na área de Ourense, que ten establecidas medidas moi restritivas, incluíndo una redución da mobilidade perimetral nos concellos de Ourense e Barbadás. Este número reprodutivo instantáneo ten, ademais, unha tendencia ascendente tamén en todas as áreas sanitarias excepto na área de Ourense, o que suxire que as restricións adoptadas están a mellorar a situación nesta área. Destes datos dedúcese que a transmisión está a aumentar, polo que se espera que a tendencia de casos e taxas vai seguir aumentando. O % de positividade das probas PCR realizadas vai tamén nesta liña; a pesar de que se incrementou de forma importante o número de tests realizados, subiu de novo respecto ao informe anterior, e neste momento está no 6,5%, máis do dobre do estimado como situación desexable. En Galicia temos varios brotes identificados e que están en vixilancia epidemiolóxica e baixo medidas restritivas, pero a situación actual caracterízase pola presenza de casos en todos os concellos, agás 48 en toda Galicia que non tiveron casos nos últimos 28 días, situación que aconsella a aplicación de medidas restritivas en toda a Comunidade Autónoma. O informe salienta que a tendencia dos indicadores epidemiolóxicos nos indica de forma clara que a tendencia crecente dos últimos días continúa e que a situación vai empeorando de xeito global. O factor máis alarmante é que, de forma progresiva, a enfermidade vai afectando os grupos de poboación de maior idade, con altas taxas de infección. Así, a incidencia acumulada a 7 días en persoas de 80 e máis anos é de 60,45 por cen mil habitantes e a 14 días de 172,05. A porcentaxe de positividade das probas PCR realizadas é tamén moi alta: de 6,3 no grupo de idade de 65 a 79 anos e de 6,8 en persoas de 80 e máis anos. Estes últimos datos significan que está habendo repercusión no sistema asistencial, cun aumento da presión nas áreas hospitalarias, de coidados críticos e tamén na atención de urxencias hospitalarias. Tendo en conta a tendencia actual crecente consolidada durante os últimos días, a necesidade de protexer os grupos máis vulnerables e a necesidade tamén de preservar e protexer o noso sistema asistencial, e en aplicación do principio de precaución e de actuación precoz de cara a poder afrontar os vindeiros meses na mellor situación epidemiolóxica posible (é previsible un aumento da incidencia de casos nos vindeiros meses debido a que a poboación estará máis tempo en ambientes pechados que favorecen a transmisión e a posible coinfección co virus da gripe cuxa tempada epidémica se espera tamén nestes próximos meses), o informe considera necesario tomar medidas tendentes a reducir as interaccións sociais de risco en toda Galicia. Tendo en conta o estudo dos brotes acontecidos en Galicia e a súa tendencia a que o ámbito en que se xeran é predominantemente o ámbito familiar estendido e o ámbito social e de amizade, o informe considera conveniente establecer medidas que reduzan as inte-



raccións sociais, polo que se recomenda establecer para toda Galicia restricións respecto ao tamaño dos grupos de calquera actividade ou evento familiar ou social, establecendo un máximo de 5 persoas para grupos non conviventes. Non será de aplicación esta limitación no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos e de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos seus correspondentes protocolos de funcionamento. Tamén se recomiendan restricións respecto da capacidade dos establecementos comerciais, hospitalaría e restauración.

Tendo en conta o indicado no dito informe, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente no que atinxe ao incremento das hospitalizacións, impón, como consecuencia e con carácter urxente, a adopción de medidas específicas máis restritivas que a prevista na Orde do 14 de outubro de 2020, tanto no que atinxe ás limitacións de grupos de persoas como ás limitacións de capacidade e outras restricións respecto de actividades concretas.

En particular, no que respecta aos grupos de persoas, a evolución desfavorable da situación epidemiolóxica e sanitaria apuntada impón a necesidade de restrinxir a cinco o número máximo das persoas integrantes de grupos para o desenvolvemento de actividades de carácter familiar e social. A dita medida resulta necesaria, adecuada e proporcionada para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. En efecto, ante a evolución epidemiolóxica e sanitaria desfavorable que se está a detectar no conxunto do territorio autonómico e, en especial, ante o incremento das hospitalizacións, é preciso ampliar, sen demora, as restricións ao desenvolvemento daquelas actividades que se teñen detectado como de maior risco de transmisión e contaxio da enfermidade. En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros de carácter familiar ou social por riba dun determinado número de persoas co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe recordarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento so-



cial, confinamento domiciliario e limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. En particular, a medida de limitación das agrupacións de persoas vai dirixida a previr ou, polo menos, restrinxir numericamente a participación en reunións familiares ou sociais nas cales cabe apreciar un maior risco de transmisión polas circunstancias en que se realizan, por existir unha maior confianza e relaxación das medidas de seguridade, xa que teñen lugar fóra de ambientes profesionais, laborais ou outros protocolizados en que se debe usar máscara e que se rodean doutras garantías que dificultan a transmisión e o contaxio.

Esta medida, ademais, resulta menos disruptiva das actividades esenciais, económicas, laborais e profesionais ca outras, como as limitacións á liberdade de circulación ou confinamentos, que se deben reservar para cando resulta preciso un maior nivel de restrición. Procede advertir, ademais, de que a medida non é absoluta, senón que se ve matizada por unha serie de importantes excepcións, dado que o límite de cinco persoas non se aplicará no caso de persoas conviventes, e tampouco será aplicable no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

E, no que respecta ás outras limitacións previstas nesta orde, consistentes, fundamentalmente, no peche de festas, verbenas, outros eventos populares e atraccións de feiras, así como en limitacións de capacidade para determinadas actividades, faise necesaria a súa adopción en todo o territorio autonómico tendo en conta a natureza de tales actividades e os riscos asociados a elas, ao terse revelado, na experiencia acumulada ata o momento na xestión de abrochos, como medidas eficaces de contención e control da transmisión da enfermidade.

Procede, en consecuencia, á vista da evolución epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e de acordo cos principios de precaución, necesidade e proporcionalidade, adoptar medidas máis restritivas que as previstas na Orde do 14 de outubro citada, a cal debe quedar sen efecto.

As medidas previstas na presente orde serán de aplicación no territorio da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, naqueles ámbitos territoriais en que, atendida a concreta evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria existente neles, se adoptasen ou se adopten, por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, me-



didias máis estritas que as contidas na presente orde, observarase o disposto na orde correspondente, durante o período a que se estenda a eficacia desas medidas máis estritas.

Por último, as medidas terán unha vixencia de catorce días naturais ao ser o período de tempo que se considera necesario para poder valorar debidamente a súa eficacia no control e contención da evolución da pandemia na Comunidade Autónoma galega. Non obstante, deberán ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun prazo non superior a sete días naturais desde a publicación desta orde, co fin garantir a súa adecuación, en todo momento, á situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma, polo que, en consecuencia, poderán ser modificadas ou levantadas con anterioridade á expiración do dito prazo de catorce días naturais.

II

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En particular, cómpre salientar que a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, prevé, no seu artigo primeiro, que, co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

O artigo segundo habilita as autoridades sanitarias competentes para adoptaren medidas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios racionais que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolve unha actividade. E, para o caso concreto de enfermidades transmisibles, o artigo terceiro dispón que, co fin de controlalas, a autoridade sanitaria, ademais de realizar as accións preventivas xerais, poderá adoptar as medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou estivesen en contacto con estes e do contorno inmediato, así como as que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible. E o artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé que as autoridades sanitarias poderán levar a cabo intervencións públicas nos supostos de riscos para a



saúde de terceiras persoas, nos mesmos termos previstos nos artigos 2 e 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, antes citados.

Non se recolle, pois, unha lista pechada de medidas de prevención, senón que poderán adoptarse, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.

Por outra banda, as medidas de prevención que se recollen nesta orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, inspección e control do seu cumprimento corresponde aos concellos, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), das competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e, polo tanto, garantir a vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento e atendendo á situación concreta, poida establecer o correspondente concello.

Así mesmo, as forzas e corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento. Debe recordarse a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadás.



Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto e alcance*

1. O obxecto desta orde é establecer medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As ditas medidas serán de aplicación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, de modo temporal, conforme o indicado no punto quinto desta orde.

Non obstante, naqueles ámbitos territoriais en que, atendida a concreta evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria existente neles, se adoptasen ou se adopten, por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, medidas máis estritas que as contidas na presente orde, observarase, respecto desas medidas máis estritas, o disposto na orde correspondente durante o período a que se estenda a eficacia de tales medidas.

3. En todo o non previsto nesta orde, e no que sexa compatible con ela, serán de aplicación as medidas que, con carácter xeral, se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Non obstante, naqueles ámbitos territoriais en que, atendida a concreta evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria existente neles, se adoptasen ou se adopten, por orde



da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, medidas máis estritas que as contidas no dito acordo, observárase, respecto desas medidas máis estritas, o disposto na orde correspondente durante o período a que se estenda a eficacia de tales medidas.

Segundo. Restricións ás agrupacións de persoas para a protección da saúde das persoas ante a existencia dun risco de carácter transmisible

1. Á vista da evolución da situación epidemiolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptase, de modo temporal, a medida de limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, a un máximo de cinco persoas, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

Tampouco serán aplicable esta limitación no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

Respecto das actividades previstas no anexo, serán de aplicación as limitacións de capacidade máxima e/ou de número máximo global de persoas asistentes ou participantes previstas nel. A limitación de grupos de máximo cinco persoas, excepto conviventes, contida neste número 1 só se aplicará aos límites específicos para actividades grupais recollidos no dito anexo.

2. O incumprimento da medida de prevención establecida neste punto poderá dar lugar á imposición das sancións e a outras responsabilidades previstas no ordenamento xurídico.

3. En particular, para os efectos da execución e control desta medida de prevención, no marco da situación de emerxencia sanitaria declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade.

4. Solicitarase a ratificación xudicial da medida prevista neste punto, de acordo co previsto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Terceiro. *Outras medidas de prevención específicas*

1. Recoméndaselles ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables ao COVID-19 e a aquelas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, que eviten na súa actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas.

2. Acórdase o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras, durante o período a que se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto quinto.

3. Así mesmo, serán de aplicación as medidas de prevención específicas recollidas no anexo.

Cuarto. *Control do cumprimento da medida e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención recollidas nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, corresponderán aos respectivos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas, de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento da medida de prevención.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen, polo incumprimento da medida de prevención, ás autoridades competentes.

Quinto. *Eficacia*

1. Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 22 de outubro de 2020 e manterá a súa eficacia por un período de catorce días naturais.



Non obstante o anterior, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas antes do transcurso do período de catorce días naturais previsto no parágrafo anterior por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

2. No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 22 a 25 de outubro que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 21 de outubro, non serán aplicables as medidas de prevención específicas previstas nesta orde, sempre que non se estivesen aplicando xa as ditas medidas ou outras máis restritivas con anterioridade, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO
Medidas de prevención específicas

1. Obrigas xerais.

1.1. Obrigas de cautela e protección.

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19.

1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles co COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do ol-



facto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

1.3. Distancia de seguridade interpersonal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersonal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.

1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga neles.

1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible co COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poder abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.



2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público, as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

3.1. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas, cun límite máximo, en cada momento, de vinte e cinco persoas en espazos ao aire libre ou de dez persoas en espazos pechados, sexan ou non conviventes.

2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de vinte e cinco persoas, entre familiares e achegados, sexan ou non conviventes, ademais, de ser o caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

3.2. Lugares de culto.

1. A asistencia a lugares de culto non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

2. Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto.

3.3. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

1. No caso de que estas cerimonias ou celebracións se leven a cabo en lugares de culto, deberán aplicarse as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención na celebración de actos de culto relixioso recollidas especificamente nesta orde e, no que sexa compatible co disposto nela, no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de



2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente. Deberanse evitar, en calquera caso, as aglomeracións á entrada e saída dos lugares de culto.

2. As celebracións que poidan ter lugar tras a cerimonia en establecementos de hostalaría e restauración axustaranse ás condicións e á capacidade previstas para a prestación do servizo nestes establecementos.

3. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3.4. Establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se mantexa a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo.

2. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.5. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais dis-



tribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

2. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns excepto para o tránsito entre os establecementos, salvo na actividade de hostalaría e restauración que se leve a cabo nas ditas zonas, a cal se deberá axustar ao previsto especificamente para estas actividades. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.

3. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

4. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.6. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, non poderán superar o cincuenta por cento dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersonal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación.

Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá dar prioridade a aqueles que comercializan produtos alimenticios e de primeira necesidade, asegurando que os consumidores non manipulen os produtos comercializados neles.

3.7. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.



A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto do máximo permitido.

3.8. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os establecementos de hostalaría e restauración non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade para consumo no interior do local.

2. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra.

3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao setenta e cinco por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do Concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do setenta e cinco por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.

4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas. Todas estas persoas deberán ser conviventes naqueles concellos onde se aplique, en virtude de orde específica da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, a medida máis restritiva de grupos constituídos só por conviventes.

A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersoal entre elas.



5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas.

6. As medidas contidas nos números 3, 4 e 5 serán tamén de aplicación ás terrazas dos establecementos de lecer nocturno.

3.9. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

1. A ocupación das zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso, cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

2. As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de cinco persoas, sexan ou non conviventes, e incluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.10. Albergues turísticos.

Na modalidade de aloxamento turístico de albergue permitirase unha capacidade máxima do cincuenta por cento da máxima permitida.

3.11. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida.

2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata cinco persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes, e incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.



3.12. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

1. Os cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares poderán desenvolver a súa actividade, contando con butacas preasignadas, sempre que non superen o cincuenta por cento da capacidade permitida en cada sala.

2. No caso doutros recintos, locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas distintos dos previstos no parágrafo anterior, poderán desenvolver a súa actividade sempre que o público permaneza sentado e que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

3. En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.13. Centros de lecer infantil.

Os centros de lecer infantil poderán levar a cabo súa actividade cumprindo o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, aprobado pola Orde da Consellería de Sanidade, do 30 de xuño de 2020, e cunha capacidade máxima do cincuenta por cento do seu total.

3.14. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva **non federada**, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico. No caso da práctica de forma colectiva,



o máximo será de cinco persoas de forma simultánea, sen contar, de ser o caso, o monitor. Naqueles concellos en que se aplique, en virtude de orde específica da persoa titular da Consellería de Sanidade, a medida máis restritiva de limitación de grupos aos constituídos só por persoas conviventes, todas as persoas do grupo deben ser conviventes.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata cinco persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

3.15. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, adestramentos, competicións deportivas que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública poderá desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.16. Praias e piscinas.

1. O concello respectivo deberá establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersoal de seguridade entre usuarios. Para os efectos de calcular a capacidade máxima permitida por



cada praia, considerarase que a superficie de praia que vai ocupar cada usuario será de, polo menos, catro metros cadrados.

2. As piscinas ao aire libre ou cubertas, para uso deportivo ou recreativo, deberán respectar o límite do cincuenta por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa e sen que poidan exceder o límite de cen persoas de ocupación. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado.

3. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia das piscinas e praias levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersonal con respecto a outros usuarios. Deberá, ademais, respectarse o límite máximo de cinco persoas por grupo, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación. Non obstante, naqueles concellos en que, en virtude de orde específica da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, se aplique a medida máis restritiva de limitación de grupos aos constituídos só por persoas conviventes, os grupos deberán estar constituídos só por persoas conviventes.

4. Exceptúase o uso da máscara durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersonal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas piscinas e praias.

3.17. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.18. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de cinco persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes, e incluído o monitor ou guía. Ademais, deberánse establecer as medidas necesarias para procurar a



distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.19. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cen participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores.

2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata cinco persoas participantes, sexan ou non conviventes e incluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

3.20. Uso de espazos públicos.

1. Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles cun máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes, e incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.

2. Deberán adoptarse as medidas que coadruen no control das agrupacións de persoas en lugares públicos, e das actividades prohibidas relacionadas co consumo de bebidas alcohólicas en parques e outros lugares de tránsito público, polos riscos que presenta para a saúde pública, relacionados coa aglomeración incontrolada de persoas e coa ausencia ou relaxación de medidas de seguridade e de distanciamento persoal. Recoméndase o peche dos parques públicos e espazos similares a partir das 00.00 horas ata as 6.00 horas.

3.21. Centros recreativos turísticos ou similares.

1. Os centros recreativos turísticos ou similares poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento.

2. As visitas de grupos serán dun máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.



3.22. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

Sen prexuízo do establecido no número 3.20.2, os parques infantís, parques biosauables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

3.23. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración e cun límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

3.24. Establecementos e locais de xogo e apostas.

1. Os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme esta-



bleza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

2. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas, e todas elas deberán ser conviventes naqueles concellos en que, en virtude de orde específica da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, se aplique a medida máis restritiva de limitación de grupos aos constituídos só por persoas conviventes.

En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3. Os establecementos e locais deberán pechar non máis tarde das 00.30 horas, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente nin expedir consumición ningunha desde esa hora, e cun período máximo de desaloxo de trinta minutos.

3.25. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade nesta orde, nin en protocolos ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.



O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarias e lavandarias, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas na presente orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de cinco persoas participantes, sexan ou non conviventes e incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3. En calquera caso, poderase suspender a actividade de calquera establecemento que, ao xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.

